



DITAME SOBRE O PROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE REGULA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE DO ALUMNADO DOS CENTROS DE ENSINO NON UNIVERSITARIO NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.

O Pleno do Consello Escolar de Galicia, na súa sesión do día 17 de decembro de 2008, emite o seguinte ditame en relación co Proxecto de decreto polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros de ensino non universitario na Comunidade Autónoma de Galicia.

1.- O Consello Escolar de Galicia propón que no noveno parágrafo da *Exposición de motivos* se suprima, na cuarta liña, a expresión: “**por dificultades de aprendizaxe**”. (Páxina 2, liña 15).

2.- No *artigo 3º.- Centros para a escolarización*, punto 3, propónse a inclusión do texto que aparece en negriña na seguinte expresión: “... establecerá unha distribución equilibrada do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, cunha **diminución proporcional da** ratio que permita...”. (Páxina 5, liña 4).

3.- No punto 6 do mesmo artigo 3º, propónse a supresión da expresión: “En todo caso requirirá dun ditame específico que así o aconselle”; pola seguinte expresión: “**En todo caso requirirá dun ditame do Equipo de Orientación Específico, respectándose o dereito dos pais e das nais a seren oídos**”. (Páxina 5, liña 15).

4.- Para o *artigo 4º.- Centros para a escolarización*, punto 2, propónse engadir ao final do parágrafo a seguinte expresión: “, **preservando os principios de normalización e inclusión.**” (Páxina 5, liña 25).

5.- Nese mesmo artigo, no punto 3, propónse engadir ao final do parágrafo a seguinte expresión: “**Estes centros poderán ser declarados centros de escolarización preferente co fin de lograr equipos docentes estables para abordaren as necesidades específicas do seu alumnado**”. (Páxina 5, liña 28).

6.- Para o *artigo 6º.- Organización das ensinanzas*, punto 5, o Consello Escolar de Galicia propón a supresión da expresión “**sempre e cando exista dispoñibilidade de prazas**”, ao final do parágrafo. (Páxina 7, liña 20).



7.- Para o punto 7 dese mesmo artigo 6º, o Consello Escolar propón que, despois da expresión: “... para o alumnado con necesidade educativas especiais”; se inclúa a seguinte expresión: “, **para dar resposta adaptada ao alumnado con plurideficiencias ou discapacidades que non sexa posible atender debidamente nas aulas ordinarias**”. (Páxina 7, liña 34).

8.- No *artigo 8º.- Medidas xerais*, no punto 1, apartado e), propónse a substitución da expresión: “non só será avaliado o progreso do alumnado senón tamén a práctica docente”; pola seguinte expresión: “**A avaliación aplicarase e estenderase ao proceso de ensinanza-aprendizaxe**”. (Páxina 9, liña 21).

9.- Nese mesmo artigo 9º, no apartado g), propónse a substitución da expresión: “- Fóra da aula, a tempo parcial”; pola seguinte: “- **Con carácter excepcional, fóra da aula, a tempo parcial**”. Así mesmo, propónse que esta expresión se poña ao final do apartado. (Páxina 10, liña 25).

10.- No *artigo 13º.- Ensino básico obrigatorio*, no punto 3, propónse a inclusión da palabra que aparece en negriña na seguinte expresión: “Reforzos, apoios, **desdobres**, agrupamentos flexibles, integración de materias por ámbitos...”. (Páxina 13, liña 25).

11.- No punto 2 do *artigo 16º.- Ensinanzas de idiomas*, propónse un texto de adición ao final do parágrafo, que diga: “**Os centros facilitarán e adecuarán os seus medios e recursos para facilitárenlle a este alumnado acceder e cursar estas ensinanzas**”. (Páxina 15, liña 12).

12.- Na *adicional segunda: Docentes pertencentes a outros corpos*, o Consello Escolar propón a substitución da expresión: “O profesorado funcionario do Corpo de mestres especialista”; pola seguinte expresión: “**Os mestres e as mestras especialistas**”. (Páxina 18, liña 14).

13.- O Consello Escolar de Galicia recoméndalle á Administración educativa que no desenvolvemento que faga deste Decreto garanta os recursos persoais, materiais e económicos que posibiliten a necesaria calidade da atención á diversidade. É por iso que cómpre que se recollan expresamente, entre outras, medidas concretas como: a redución das rateos nas aulas que escolarizan alumnado con necesidades educativas específicas; a dotación suficiente de persoal de pedagogía terapéutica, audición e linguaxe, orientadores e doutros profesionais; establecer os criterios para fixar os centros de escolarización preferente e as aulas específicas; clarificar o que se entende por *adaptacións curriculares* como medida específica de atención á diversidade, e establecer o tempo de permanencia do alumnado nos agrupamentos específicos dende unha perspectiva orientada á inclusión, o cal implica necesariamente que



ese tempo de permanencia do alumnado afastado do grupo de referencia non debe superar o 40% do horario escolar.

O Secretario

Asdo.: José Alejo Losada Aldrey

v. e pr.
A Vicepresidenta

Asdo.: Milagros Blanco Pardo